

Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde

Guía práctica de lesións cutáneas asociadas á humidade. Guía nº 7



**COLECCIÓN DE GUÍAS PRÁCTICAS DE FERIDAS
DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

**GUÍA PRÁCTICA DE
LESIÓNS CUTÁNEAS ASOCIADAS Á HUMIDADE**
Guía nº 7

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade
Servizo Galego de Saúde
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Deseño e maquetación: Versal Comunicación, S.L.

Ano: 2017



Licenza Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International Licence (CC BY-SA 4.0)
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

COLECCIÓN DE GUÍAS PRÁCTICAS DE FERIDAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- N° 1 Úlceras por presión
- N° 2 Úlceras da extremidade inferior
- N° 3 Úlceras de pé diabético
- N° 4 Lesións cutáneas neoplásicas
- N° 5 Lesións por queimadura
- N° 6 Ferida cirúrxica aguda
- N° 7 **LESIÓNS CUTÁNEAS ASOCIADAS Á HUMIDADE**
- N° 8 Feridas traumáticas



PRESENTACIÓN

Por todos é coñecido que a abordaxe das úlceras e feridas leva implícito un problema de saúde de gran magnitude pola perda de calidade de vida nos pacientes, pola repercusión que ten nas súas familias e cuidadores e tamén pola carga de traballo que lles supoñen os seus cuidados aos profesionais sanitarios. A isto hai que engadir o sobrecusto económico que supón para a sustentabilidade do sistema sanitario.

Desde o Servizo Galego de Saúde (Sergas), somos conscientes da importancia e impacto asistencial dunha adecuada xestión da prevención e tratamento deste tipo de lesións; polo que desde hai anos e de forma máis intensiva dende a Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa, a través do Servizo de Integración Asistencial, está a traballarse por mellorar a estrutura, recursos e condicións necesarias para tratar de normalizar e sistematizar a actividade asistencial derivada do devandito proceso de cuidados.

O **Programa Úlceras Fóra** constitúese no marco de referencia para desenvolver e establecer as liñas estratéxicas na abordaxe de todo o relacionado coas úlceras e as feridas, e inclúe como un dos seus obxectivos esenciais establecer criterios asistenciais comúns (para a identificación do risco, a valoración de lesións, establecemento de medidas preventivas, de terapias, utilización de produtos, seguimento, rexistro, etc.) que posibiliten avanzar cara á unificación de opinións e da correspondente redución da variabilidade clínica para este tipo de lesións.

É por iso que a presente **Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde** describe o esforzo e o entusiasmo de moitos profesionais (enfermeiros e médicos) por mellorar a súa práctica clínica no cuidado e abordaxe integral dos pacientes afectados por úlceras e feridas, ou con risco de padecerlas, co fin de incorporar a mellor evidencia dispoñible do momento cara á consecución dunha mellora da calidade asistencial e seguridade do paciente.

Jorge Aboal Viñas
Director xeral de Asistencia Sanitaria
Servizo Galego de Saúde

PREFACIO

Esta guía práctica foi elaborada coa participación de profesionais de saúde de atención primaria e atención hospitalaria do Sergas, e revisada por profesionais expertos na materia e institucións científicas de ámbito nacional; baixo a coordinación da Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa e Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas.

As recomendacións de práctica clínica baseada na evidencia que se inclúen nesta guía son de carácter xeral, polo que non definen un curso único de conduta para seguir nun procedemento ou tratamento para o coidado integral que se pretende levar. Calquera modificación ou variación das recomendacións aquí establecidas, deberán basearse no xuízo clínico (evidencia interna) do profesional sanitario que as aplica e das mellores prácticas clínicas do momento; así como, nas necesidades específicas e as preferencias de cada paciente en particular; os recursos dispoñibles no momento da atención sanitaria e na normativa establecida pola institución ou centro sanitario onde se pretende aplicar.

DIFUSIÓN E IMPLEMENTACIÓN

A difusión e a estratexia de implementación desta guía práctica; así como, de toda a Colección de guías prácticas de feridas do Sergas, coordinarase a través da dirección técnica do Programa Úlceras Fóra; é dicir, polo Servizo de Integración Asistencial, da Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa, do Servizo Galego de Saúde.

O proceso de difusión comporta unha presentación protocolaria na Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a presentación oficial en todas as institucións públicas da rede sanitaria do Sergas, a difusión dun comunicado oficial aos medios de comunicación, a súa divulgación en eventos científicos e difusión na internet a través da nosa web oficial.

VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN

A guía deberá ser revisada transcorridos tres anos desde a data da súa publicación. A súa actualización poderá realizarse antes de finalizar o devandito período se algunha das recomendacións de evidencia modifica a súa categorización e pode supoñer un risco clínico de seguridade para o paciente e/ou afectar a calidade asistencial.

DECLARACIÓN DE CONFLICTOS DE INTERESE E INDEPENDENCIA EDITORIAL

Os autores desta guía práctica declaran facer un esforzo por asegurarse de que a información aquí contida sexa completa e actual, e declaran que non foron influídos por conflitos de intereses que puidesen cambiar os resultados ou contidos durante a etapa da súa elaboración e desenvolvemento. Así mesmo, os autores da guía asumen a responsabilidade do contido expresado, que inclúe evidencias e recomendacións.

Os editores da Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde declaran a existencia de independencia editorial en canto ás decisións tomadas pola dirección técnica e os coordinadores do grupo de traballo.

AVALIACIÓN E CLASIFICACIÓN DA EVIDENCIA

As evidencias científicas e recomendacións expostas nesta guía práctica foron o resultado da avaliación e análise das fontes de información bibliográfica consultadas como referentes (guías de práctica clínica, guías baseadas na mellor evidencia, outros documentos baseados en evidencia, revisións sistemáticas e artigos orixinais), para a súa elaboración polo método de lectura crítica e consenso por grupo nominal entre autores e panel de expertos.

A clasificación do nivel de evidencia e gradación das recomendacións mantívose respectando a fonte orixinal consultada e a escala de evidencia que utilizou. Para iso, seguiuuse o método que desenvolve o CENETEC (Centro Nacional de Excelencia Tecnolóxica en Saúde) de México na elaboración da súa Guía de Práctica Clínica (GPC):

- Clasificar co símbolo **[E]** aquelas evidencias que aparecen publicadas nalgunha GPC, seguidas pola súa clasificación alfanumérica (calidade do estudo, se esta referenciada) e cita bibliográfica.
- Categorizar co símbolo **[R]** aquelas recomendacións identificadas por algunha GPC, seguidas pola súa forza de recomendación (por niveis A-B-C-D, en orde decrecente segundo a importancia clínica, ou pola súa gradación en alta-moderada-baixa evidencia).
- Identificar co símbolo **[BP]** aquelas accións e/ou actividades consideradas como boas prácticas, que non están referenciadas ou avaladas por ningunha GPC, pero que aparecen noutros documentos baseados na evidencia (guías de boas prácticas clínicas, vías clínicas, protocolos baseados na evidencia etc.) e cuxa evidencia se obtivo a través de revisións sistemáticas, metaanálises, ensaios clínicos etc.

As escalas sobre o nivel de evidencia e grao de recomendacións que se describen nos contidos desta guía práctica, pódense consultar a través das fontes bibliográficas referenciadas na táboa resumo de recomendacións / evidencias.

GUÍA PRÁCTICA DE LESIÓNS CUTÁNEAS ASOCIADAS Á HUMIDADE

GUÍA PRÁCTICA Nº 7

Colección de guías prácticas de feridas
do Servizo Galego de Saúde



ÍNDICE

01. RELACIÓN DE AUTORES, COORDINADORES E REVISORES	16
02. INTRODUCCIÓN	18
2.1. Xustificación	18
2.2. Alcance e obxectivos	18
2.3. Preguntas que vai responder esta guía	19
03. DEFINICIÓN	20
04. EPIDEMIOLOXÍA	21
05. ETIOPATOXENIA. FACTORES PREDISPOÑENTES	22
06. FISIOPATOLOXÍA. MANIFESTACIÓNS CLÍNICAS	27
07. VALORACIÓN DIAGNÓSTICA. CLASIFICACIÓN E DIFERENCIACIÓN CLÍNICA	31
7.1. Escalas de valoración do risco de lesión por humidade	18
7.2. Clasificación das LESCAH	18
7.3. Características de diferenciación entre LESCAH e UPP	19
08. DIRECTRICES XERAIS DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO	27
8.1. Determinar a causa da lesión	18
8.2. Valoración do risco	18
8.3. Coidados da pel	19
8.4. Protección da pel	18
8.5. Medidas xerais de limpeza e hixiene	18
8.6. Algoritmo de decisión para a prevención das LESCAH	18
8.7. Educación sanitaria	18
8.8. Modelo de prevención e tratamento	18
09. RESUMO DAS RECOMENDACIÓNS DE EVIDENCIA	42
10. BIBLIOGRAFÍA	45
11. ANEXOS	49

01 RELACIÓN DE AUTORES, COORDINADORES E REVISORES

DIRECCIÓN TÉCNICA

Programa Úlceras Fóra

Servizo de Integración Asistencial. Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (Sergas). programa.ulceras.fora@sergas.es

GRUPO DE TRABAJO

AUTORES DA GUÍA

José María Rumbo Prieto

Supervisor de Coidados, Investigación e Innovación. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.

Luis Arantón Areosa

Director de Procesos de Enfermería. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.

Ramón López de los Reyes

Facultativo especialista adxunto do Servizo de Cirurxía Xeral e do Aparato Dixestivo. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.

Eulalia Vives Rodríguez

Facultativa especialista adxunta do Servizo de Cirurxía Xeral e do Aparato Dixestivo. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.

COORDINADORES DA COLECCIÓN DE GUÍAS

José María Rumbo Prieto

Supervisor de Coidados, Investigación e Innovación. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol.

Camilo Daniel Raña Lama

Enfermeiro. Centro de Saúde de Labañou. Xerencia de Xestión Integrada da Coruña.

María Blanca Cimadevila

Xefa do Servizo de Integración Asistencial. Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Ana Isabel Calvo Pérez

Técnica do Servizo de Integración Asistencial. Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Josefa Fernández Segade

Técnica do Servizo de Integración Asistencial. Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (Sergas).

REVISORES

Panel de expertos

- **Grupo de Formadores e Referentes en Feridas do Programa Úlceras Fóra do SERGAS**
- **Carmen Outón Dosil**
Enfermeira. Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Xerencia de Xestión Integral da Coruña.
- **Estela María Souto Fernández**
Enfermeira. Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Xerencia de Xestión Integral da Coruña.
- **Rocío Sanmartín Castrillón**
Enfermeira. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Xerencia de Xestión Integral de Ferrol.
- **Juan Santiago Cortizas Rey**
Enfermeiro. Supervisor de Infección Nosocomial. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Xerencia de Xestión Integral de Ferrol.
- **Pedro Pita Miño**
Enfermeiro. Supervisor de Cirurxía. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Xerencia de Xestión Integral de Ferrol.
- **Federico Palomar Llatas**
Enfermeiro. Director Cátedra Hartmann de Coidados da Pel. Universidade Católica de Valencia.
- **Ana Isabel Calvo Pérez**
Enfermeira. Técnica do Servizo de Integración Asistencial. Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Institucións e sociedades científicas

- **Asociación Nacional de Enfermería Dermatológica e Investigación del Deterioro de la Integridad Cutánea (ANEDIDIC)**
- **Sociedad Gallega de Heridas (SGH)**
- **Academia de Enfermería de Galicia**
- **Colexio Oficial de Enfermería de Lugo**
- **Colexio Oficial de Enfermería de A Coruña**
- **Colexio Oficial de Enfermería de Ourense**
- **Colexio Oficial de Enfermería de Pontevedra**

COMO CITAR O DOCUMENTO

Rumbo-Prieto J.M., Arantón-Areosa L., López-de-los-Reyes R., Vives-Rodríguez E. *Guía práctica de lesións cutáneas asociadas á humidade* [Guía Práctica n.º 7]. En: Rumbo-Prieto J.M., Raña-Lama C.D., Cimadevila-Álvarez M.B., Calvo-Pérez A.I., Fernández-Segade J., editores. Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde. Santiago de Compostela (A Coruña): Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde; 2017.

02 | INTRODUCCIÓN

2.1. XUSTIFICACIÓN

A abordaxe das úlceras e feridas crónicas leva implícito un problema de saúde de gran magnitude polo sobrecusto económico que supón para os sistemas de saúde, pola perda de calidade de vida nos pacientes, pola repercusión que ten nas súas familias e cuidadores (que en moitos casos levan o peso da prevención e a tarefa de cuidados) e tamén pola carga de traballo que supoñen os seus cuidados aos profesionais sanitarios. Por iso, a toma de decisións sobre a súa abordaxe require ter en conta varias alternativas provenientes de diversas fontes de información (datos clínicos, experiencia profesional, preferencias do paciente, evidencias científicas, protocolos, guías etc.) que á súa vez orixinan unha considerable variabilidade de decisións en función do momento, da información dispoñible e da persoa que decide. Isto dá lugar a unha gran disparidade na actuación dos profesionais en técnicas, probas e habilidades diagnósticas, xuízo clínico e toma de decisións ante un mesmo problema ou paciente e mesmo nun mesmo profesional en relación a pacientes coa mesma clínica e patoloxía.

A presente *Guía práctica de lesións cutáneas asociadas á humidade* (guía práctica nº7) intégrase dentro da Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde; de acordo coas estratexias e liñas de acción promovidas a través do Programa Úlceras Fóra que coordina a Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Pola súa vez, a dita colección, alíñase en consonancia coa estratexia núm. 10 (Mellorar a práctica clínica), do Plan de Calidade para o Sistema Nacional de Saúde 2010, así como, coa Estratexia Sergas 2014: A sanidade pública ao servizo dos pacientes.

Por tanto, esta guía confórmase como unha síntese das mellores intervencións e prácticas preventivas ou terapéuticas dispoñibles para a práctica clínica;

2.2. ALCANCE E OBXECTIVOS

O alcance da guía diríxese ás persoas afectadas, aos cuidadores informais e a todos os profesionais sanitarios con responsabilidade directa ou indirecta para a abordaxe integral das lesións cutáneas asociadas á humidade, en calquera dos tres ámbitos asistenciais de saúde da Comunidade: Atención Primaria de Saúde, Atención Hospitalizada e Atención Sociosanitaria.

O obxectivo da guía é dispoñer dunhas directrices e/ou criterios estandarizados que sirvan de referencia para identificar factores de risco, realizar accións específicas de prevención, detección, derivación e tratamento que supoñen estas lesións cutáneas como problema de saúde. A finalidade é contribuír ao benestar das persoas, reducir a variabilidade terapéutica e a incerteza profesional, diminuír a prevalencia e incidencia deste problema de saúde na sociedade; así como, conseguir unha maior optimización da xestión dos recursos humanos e económicos dispoñibles do sistema sanitario e sociosanitario de Galicia con base nas recomendacións de práctica baseada na evidencia e conseguir uns indicadores de calidade de atención de cuidados

e seguridade dos pacientes que permitan unha maior eficiencia do proceso entre os distintos niveis asistenciais.

2.3. PREGUNTAS QUE VAI RESPONDER ESTA GUÍA PRÁCTICA

- Que son e como se definen as lesións cutáneas asociadas á humidade (LESCAH)?
- Cal é a súa epidemioloxía e etiopatoxenia, de que tipo son e como se clasifican?
- Cales son as localizacións máis frecuentes?
- Como diagnosticar e/ou diferenciar unha LESCOAH?
- Que tratamentos e/ou medidas terapéuticas son as máis adecuadas?
- Que complicacións se poden producir?
- Que recomendacións de prevención son as máis indicadas?
- Que recomendacións de tratamento son as máis idóneas?
- Que pautas terapéuticas e de educación sanitaria deben seguir os pacientes, coidadores informais e profesionais para facilitar o seu coidado?

03 | DEFINICIÓN

O termo lesión cutánea asociada á humidade (LESCAH)¹ é un concepto xeral que inclúe na súa definición o efecto da humidade con outros axentes agresores e un efecto desta sobre a pel. Recentemente o termo foi obxecto dun debate de consenso para redefinir o concepto, concretar as fontes de humidade e diferenciar este tipo de lesións doutras que non o son 1-10.

O Grupo Nacional para o Estudo e Asesoramento en Úlceras por Presión e Feridas Crónicas (GNEAUPP), no seu documento n.º II; propón como definición de LESCACH:³ *“a lesión localizada na pel (non adoita afectar a tecidos subxacentes) que se presenta como unha inflamación (eritema) e/ou erosión desta, causada pola exposición prolongada (continua ou case continua) a diversas fontes de humidade con potencial irritativo para a pel (por exemplo: ouriños, feces, exsudado de feridas, efluentes de estomas ou fístulas, suor, saliva ou moco)”*.

Desta forma, podemos entender á LESCACH como: unha deterioración da integridade da pel causada pola exposición prolongada a diversas fontes de humidade, con irritación química ou física asociada, caracterizada por un tipo de dermatite e/ou eccema con inflamación e eritema, con ou sen excoriación da epiderme e xeralmente acompañada de maceración, que se localiza principalmente a nivel de pregaduras tegumentarias, en tecido perilesional e/ou periestomal, e en zona perianal ou perixenital (**figura 1**).



Figure 1. Lesión cutánea asociada á humidade en zona perianal e perixenital

04 | EPIDEMIOLOXÍA

A epidemioloxía das LESCAH vén condicionada pola súa etioloxía (humidade), pero tradicionalmente só se recoñecían neste grupo as dermatites asociadas á incontinencia (DAI), e obviábanse unha enorme cantidade de factores desencadeantes como a presenza de exsudados, produtos irritantes, etc.

As LESCAH relacionadas con DAI son as máis frecuentes e dolorosas (afectan o estado xeral da saúde da persoa, a súa calidade de vida e nun gran número de casos considéranse lesións que se poden prever). No noso contorno, a prevalencia epidemiolóxica das LESCAH está aínda pouco estudada pero obsérvase que esta irá en aumento a medida que se profunde en identificar especificamente esta etioloxía,^{1,2,6,7} sobre todo porque a coexistencia de incontinencia fecal e urinaria é moi frecuente, particularmente en persoas anciás e institucionalizadas en centros sociosanitarios; unha incidencia que aumenta coa idade e coa presenza de patoloxías comórbidas (tan común en mulleres como en homes).¹¹⁻¹⁴

A humidade asociada á incontinencia, xa sexa de tipo urinaria, fecal ou unha combinación das anteriores, é considerada un factor de risco de aparición de úlceras por presión (UPP),¹⁴⁻¹⁷ que combinada con presión non aliviada ou cizallamento, agrava os efectos destes porque diminúe as defensas naturais do organismo.

No 4.º Estudo Nacional de Prevalencia por UPP en España,¹⁸ segundo a etioloxía, as lesións relacionadas coa humidade (LESCAH) supoñen un 6,5 % do total. Ademais, determinouse a existencia dun 16% de lesións combinadas: presión e/ou cizalla + humidade. Por niveis asistenciais, a prevalencia de LESCAH en atención primaria foi do 3,7 %; en centros hospitalarios do 8,1 % e en centros sociosanitarios do 5,25 %. Segundo a localización, as zonas glúteas e os xenitais (zonas do cueiro) foron as máis afectadas, principalmente por lesións por dermatites asociadas á incontinencia.

05 | ETIOPATOXENIA. FACTORES PREDISPOÑENTES^{13, 14, 19, 22}

A LESCAH prodúcese por causa de tres importantes factores xerais que actúan deteriorando a pel e reducindo o seu efecto barreira e que, pola súa vez, interactúan e se potencian entre si:

1. Por efecto dun exceso de humidade sobre a pel (incontinencia, sudación, solucións exóxenas...) (figura 2).



Figura 2. Dermate asociada á incontinencia (DAI)

2. Pola acción de axentes químicos irritantes (produtos cosméticos de aplicación tópica, exsudados...) (figura 3).



Figura 3. Dermate con restos de produtos tópicos e incontinencia fecal

3. Pola actividade derivada dun excesiva e repetida limpeza e hixiene (irritación física) (figura 4).



Figura 4. Dermatitis derivada dunha excesiva e repetida limpeza ou hixiene

As consecuencias desta lesión cutánea son a aparición inicial dunha dermatite e/ou eccema con inflamación e eritema (pel íntegra) que, se non é detectada e tratada adecuadamente, poden dar lugar a lesións crónicas asociadas á humidade (pel deteriorada) (figura 5). Estas lesións por humidade, pola súa vez, requiren ser abordadas de maneira precoz e satisfactoria, xa que, como dicimos anteriormente, se se combinan con presión, poden desembocar en lesións máis profundas (úlceras por presión).



Figura 5. Deterioración da integridade cutánea por exceso de humidade

Doutra banda, a exposición ás diversas fontes de humidade non é causa suficiente para producir lesión na pel (dermatite), a probabilidade de producir lesión tamén estará determinada por outros factores contribuíntes, como a exposición prolongada (duración), o volume, a cantidade, o contido, o tipo e a intensidade do irritante (substancia que provoca a humidade), a duración do irritante, o volume e cantidade do irritante, as condicións da pel (integridade da pel), os factores mecánicos como as forzas de fricción e cizalla, a presenza de potenciais microorganismos patóxenos presentes na pel, o estado de saúde do paciente, a idade etc. (figuras 6 e 7).




Figura 6. Clasificación das LESCAH segundo a súa etiopatoxenia



Figura 7. Modelo etiolóxico multicausal das LESCAH

Na seguinte escala, sobre os diferentes tipos de substancias irritantes, reflíctese de menor a maior a intensidade de afectación que poden provocar sobre a pel un contacto prolongado excesivo.

TIPO DE SUBSTANCIA IRRITANTE	INTENSIDADE DE AFECTACIÓN
Auga (quente / fría).	+
Suor.	+
Saliva.	+
Moco.	+
Ouriños.	++
Produtos tópicos irritantes.	++
Exsudado.	++
Feces formadas.	+++
Ouriños e feces.	++++
Feces brandas con ou sen ouriños.	++++
Feces líquidas con ou sen ouriños.	+++++

06 FISIOPATOLOXÍA. MANIFESTACIÓNS CLÍNICAS^{13,14,19-22}

Xeralmente, a pel da persoa afectada por LESCAH vólvese fráxil debido ao exceso de humidade e/ou á irritación química producida pola acción dos ouriños, feces ou exsudados, así como pola irritación física que se podería derivar da fricción reiterada exercida durante as actividades de hixiene, aseo ou mobilizacións do paciente. Esta alteración da barreira protectora da pel faina máis vulnerable, e aumenta a probabilidade de que se deteriore; caracterízase pois, pola instauración dun proceso inflamatorio (dermatite), con alcalinización cutánea, alteración da capa dermolipídica, e consecuenta deterioración da integridade cutánea e tisular provocada pola fricción de forzas externas asociadas a unha excesiva exposición da pel á humidade.

Os principais procesos fisiopatolóxicos e manifestacións clínicas implicadas nas LESCAH son:

PROCESOS FISIOPATOLÓXICOS	ELEMENTOS IMPLICADOS	MANIFESTACIÓNS CLÍNICAS
PROCESO INFLAMATORIO (Dermatite)	<ul style="list-style-type: none"> - Exceso de humidade. - Lavados continuos ou reiterados da zona exposta. - Presenza de ouriños, feces, exsudado, suor..) 	<ul style="list-style-type: none"> - A humidade excesiva pode lesionar a pel macerándoa (abrandamento e rotura como resultado da exposición prolongada á humidade). - O uso inadecuado de produtos de oclusión prolongada (produtos para incontinencia, apósitos, etc), que poden saturarse e favorecer que a pel quede exposta a maior risco de lesión. - Unha exposición prolongada á humidade, así como un secado non adecuado pode traducirse nun amolecemento da pel que de manterse ou incrementarse pode desembocar nunha dermatite. O eccema cutáneo resultante tende a cronificarse, co consecuenta aumento da permeabilidade cutánea podendo chegar a producir edema, eritema, maceración, excoriación tisular, exsudación, costras, prurito e dor.

<p>ALCALINIZACIÓN CUTÁNEA</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Exceso de humidade. - Lavados continuos ou reiterados da zona exposta. - Presenza de ouriños, feces, exsudado, suor..) 	<ul style="list-style-type: none"> - A auga penetra nos espazos intracelulares do estrato córneo fixándose ás proteínas. O estrato córneo pode aumentar ata 5 veces o seu tamaño e a pel perder o seu efecto barreira por deshidratación. Isto fai que se incremente a actividade encimática, a permeabilidade da pel e a actividade microbiana. - O pH normal da pel varía entre 4,8-5,6 o que garante a existencia dun manto ácido que evita que rompa o equilibrio existente coa flora normal. A exposición repetida e prolongada á humidade e ás substancias irritantes contidas nos ouriños e as encimas fecais poden causar irritación e producir efectos perniciosos que incrementan o risco de deterioración cutánea. - A presenza de ouriños crea un ambiente alcalino (por descomposición da urea urinaria en hidróxido de amonio), o que favorece a proliferación de bacterias e á súa vez pode dexenerar en irritación, inflamación e infección cutánea.
<p>ALTERACIÓN DERMOLIPÍDICA</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Lavados continuos ou reiterados da zona exposta. - Exceso de humidade. 	<ul style="list-style-type: none"> - O lavado frecuente da pel afectada, pode modificar a función de barreira protectora da pel ao eliminarse lípidos da pel e acelerarse a perda de auga epidérmica coa consecuenta perda de elasticidade cutánea (xerose cutánea). Isto que pode verse incrementado pola utilización de determinados produtos para o aseo/hixiene con compoñentes sensibilizantes que producirían liberación de substancias proinflamatorias que derivarían en dermatite de contacto.
<p>DETERIORACIÓN DA INTEGRIDADE CUTÁNEA E TISULAR</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Exceso de humidade. - Lavados continuos ou reiterados da zona exposta. 	<ul style="list-style-type: none"> - O exceso de humidade pode aumentar o coeficiente de fricción, facendo que a pel se poida gretar ou facer unha fisura. As actividades reiteradas de limpeza implican tamén a realización de fricción no secado e posibles lesións de tipo mecánico. Un secado non adecuado pode traducirse nun exceso de humidade que de manterse ou incrementarse vai favorecer a dermatite. - As forzas de fricción e cizalla, fundamentalmente na zona interglútea, perianal, perixenital e pregaduras tegumentarias, asociadas a unha menor tolerancia cutánea, poden chegar a provocar que presións mantidas, aínda que non sexan excesivas, dean lugar a un proceso isquémico local coa consecuenta lesión e/ou necrose (úlceras de estadio II).

07 VALORACIÓN DIAGNÓSTICA. CLASIFICACIÓN E DIFERENCIACIÓN CLÍNICA

É primordial a adecuada valoración da pel exposta a humidade e/ou a irritantes cutáneos, polo que ten que ser un dos obxectivos prioritarios para lograr a detección e o tratamento precoz deste tipo de lesións e evitar a súa evolución a estadios clínicos máis complexos.

7.1. ESCALAS DE VALORACIÓN DO RISCO DE LESIÓN POR HUMIDADE

Existen varias escalas ou instrumentos para poder facer unha correcta valoración do risco de lesión asociado á humidade e en consecuencia poder adoptar as medidas necesarias para planificar e levar a cabo o tratamento máis adecuado:

- a) **escala Visual do Eritema (EVE)**: deseñada por Fader²³ a partir da escala da dermatite de contacto de Quinn.²⁴ Consiste nunha escala numérica de 0 a 4, que determina ata cinco graos colorimétricos de valoración do eritema (**anexo 1**).
- b) **escala Iconográfica da Dermatite do Cueiro por Humidade (DPH)**: deseñada por Pombal²⁵, a partir da escala EVE. Consiste nunha escala visual que valora a cor do eritema e o grao de afectación da pel. Esta escala clasifica a severidade da lesión por humidade en 6 tipos (**anexo 2**).
- c) **escala de Medida da Lesión Perineal (PAT, Perineal Assessment Tool)**: desenvolvida orixinalmente por Nix,²⁶ e adaptada polo GNEAUPP.1 É unha escala que consta de 4 ítems ou factores que valoran o risco de lesión cutánea por incontinencia na zona perineal (**anexo 3**).
- d) **escala Gradual da Dermatite Perineal (Perineal Dermatitis Grading Scale)**: creada por Brown e Sears.²⁷ É unha escala de 4 ítems que valoran o alcance e a severidade da dermatite asociada a incontinencia (DAI), e os cambios neses factores como consecuencia das intervencións de enfermería (**anexo 4**).
- e) **escala da Dermatite Asociada a Incontinencia (IAD, Incontinence Associated Dermatitis Skin Condition Assessment Tool)**: desenvolvida por Kennedy e Lutz.²⁸ Consta de tres ítems que avalían o grao de deterioración da pel debido á dermatite asociada a incontinencia (**anexo 5**).
- f) **escala de Severidade de Lesións Cutáneas por Incontinencia (ESLCI)**: desenvolvida por Rueda J et al.²⁹ É unha escala de 0 a 12 puntos (0= pel intacta sa, 12=pel danada gravemente), obtendo o sumatorio das puntuacións a través da avaliación de catro subapartados con valores entre 0 e 3 puntos (**anexo 6**).

É primordial a adecuada valoración da pel exposta a humidade e/ou a irritantes cutáneos, polo que ten que ser un dos obxectivos prioritarios para lograr a detección e o tratamento precoz deste tipo de lesións e evitar a súa evolución a estadios clínicos máis complexos.

7.2. CLASIFICACIÓN DAS LESCAH

Baseándonos no estudo de Torra i Bou e cols.¹ e seguindo as últimas clasificacións diagnósticas,²⁻⁵ as LESCAH clasifícanse en 6 tipos (**táboa n.º 1**).

De forma complementaria, o GNEAUPP propón clasificar as LESCAH en dúas categorías, en función da lesión que sofre o tecido cutáneo asociada á humidade:^{2, 3}

Categoría I: eritema sen perda da integridade cutánea

Habería pel integra con avermellamento (brankeable ou non) dunha zona localizada, xeralmente sometida a humidade. Pola súa vez, e en función do eritema, danse dúas subclases:




- **Categoría 1 A:** eritema leve-moderado (pel rosada).
- **Categoría 1 B:** eritema intenso (pel rosa escuro ou vermella).

Categoría II: eritema con perda da integridade cutánea

Habería perda do espesor da derme en forma de lesión superficial de leito vermello-rosado, habitualmente con bordos perilesionais macerados de cor branca-amarelada. Á súa vez, e en función do grao de erosión e/ou excoiación poden clasificarse en dúas subcategorías:

- **Categoría 2 A:** leve-moderado (erosión < 50% do total do eritema).
- **Categoría 2 B:** intenso (erosión do > 50% do tamaño do eritema).

Táboa 1. Clasificación das LESCAH¹

TIPO DE LESCAH	DESCRIPCIÓN	FACTORES IMPLICADOS	IMAXES
Dermatite asociada á incontinencia (DAI)	Afectación cutánea relacionada co contacto prolongado con substancias irritantes por incontinencia urinaria fecal ou mixta e produtos absorbentes.	<ul style="list-style-type: none"> - Ouriños e/ou feces. - Produtos absorbentes. - Produtos de hixiene e limpeza. 	 <p>© Teresa Segovia</p>
Dermatite intertrixinosa ou dermatite por transpiración	Afectación cutánea relacionada co contacto prolongado con suor nas zonas de pregaduras cutáneas.	<ul style="list-style-type: none"> - Suor. - Presión e fricción por pregaduras - Oclusións por pregaduras. - Sobre infección por flora. 	 <p>© Federico Palomar</p>
Dermatite perilesional asociada a exsudado	Afectación cutánea relacionada co contacto prolongado con exsudado procedente da lesión da pel perilesional.	<ul style="list-style-type: none"> - Exsudado procedente de lesións. - Tipo de apósitos. - Adhesivos apósitos. 	 <p>© Federico Palomar</p>

Dermatite cutánea asociada a exsudado	Afectación cutánea relacionada co contacto prolongado con exsudado procedente dalgunha extremidade coa pel.	<ul style="list-style-type: none"> - Exsudado non procedente de lesións. - Patoloxías de base: linfedema etc. 	 <p>© Teresa Segovia</p>
Dermatite periestomal	Afectación cutánea relacionada co contacto prolongado dos fluídos procedentes do estoma.	<ul style="list-style-type: none"> - Fluídos procedentes de ostomía. - Tipo de dispositivo recolector. - Adhesivo do dispositivo. 	 <p>© Pedro Pita</p>
Dermatite por salivación ou mucosidade	Afectación cutánea relacionada co contacto prolongado con saliva ou mucosidade procedente da cavidade orofarínxea ou as fosas nasais.	<ul style="list-style-type: none"> - Saliva. - Mucosidade. - Rozamento ou fricción. - Presión. - Procesos patolóxicos asociados (neurolóxicos, psiquiátricos etc.) 	 <p>©JM Rumbo Prieto</p>

7.3. CARACTERÍSTICAS DE DIFERENCIACIÓN ENTRE LESCAH E UPP

Actualmente, diversos estudos mostran a necesidade de separar etiolóxicamente as úlceras por presión das lesións cutáneas asociadas á humidade de causa incontinente (**táboa 2**), co fin de tratar adecuadamente as relacións causais que as favorecen e tomar as accións preventivas e específicas para a súa abordaxe terapéutica.^{1-3, 8, 10, 19, 20, 32-34}

Táboa 2. Diferenzas clínico-morfolóxicas entre LESCAH e UPP

CARACTERÍSTICAS DA LESIÓN	LESIÓN CUTÁNEA ASOCIADA Á HUMIDADE (LESCHAH)	ÚLCERAS POR PRESIÓN (UPP)
CAUSAS	Presenza de humidade.	– Presenza de presión e/ou cizalla.
LOCALIZACIÓN	En pregamentos cutáneos, partes brandas e extensas da pel. En zona perineal e perixenital. En prominencias óseas, sen presión/cizalla.	– Sobre prominencias óseas. – Sobre partes brandas sometidas a presión e/ou cizalla.
FORMA	Irregulares. Adoitan ser “en espello” ou en forma de “ás de bolboreta”. Difusas e dispersas en máis dun lugar. Lineais en sucos ou pregamentos.	– Circulares e regulares. – Ben circunscritas. – Limitadas a un só lugar.
PROFUNDIDADE	Superficiais e moi extensas.	– Superficiais ou profundas (segundo estadios).
NECROSE	Non adoita haber necrose.	– Pode estar presente (éscara ou placa necrótica).
BORDOS	Irregulares e difusos.	– Claramente distinguibles. – Ás veces, bordos levantados e engrosados.
COR	Avermellamento non uniforme (eritema difuso). Rosa ou branca (maceración por humidade).	– Do vermello ao púrpura, segundo categoría.
OUTROS POSIBLES ASPECTOS	Febre, leucocitose, candidiase, (signos clínicos de infección dérmica) Dor ou prurito.	– Induración ou flutuación. – Dor crónica /aguda. – Prurito, queimura. – Olor fétido.
Presión + humidade = lesións mixtas ou combinadas (LESCHAH + UPP) (figura 8).		




Figura 8. Presión + humidade (LESCHAH + UPP)

08 | DIRECTRICES XERAIS DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO

A abordaxe integral das LESCAH inclúe que a prevención e o tratamento destas se realicen tendo en conta as seguintes actividades propostas:

8.1. DETERMINAR A CAUSA DA LESIÓN

Recoméndase realizar unha anamnese, unha exploración visual da pel e un exame físico, para lograr determinar a causa que orixina a lesión e poder levar a cabo un diagnóstico diferencial das lesións [BP].¹⁴

8.2. VALORACIÓN DO RISCO

É aconsellable a utilización dun instrumento validado que permita comprobar o estado da pel e monitorizar a súa evolución. Preferentemente, están recomendadas a escala EVE, PAT e a subescala de Humidade da Escala de Braden [R = Alta].^{16, 17}

Valorar todos os procesos que poidan orixinar un exceso de humidade na pel: incontinencia, sudación profusa, drenaxes, exsudados de feridas, febre [R = Baixa].¹⁶

8.3. COIDADOS DA PEL

Contar cun plan estruturado de coidados da pel baseados nunha adecuada limpeza/hixiene das zonas cutáneas expostas á humidade (figura 8).




Figure 8. Zonas corporais en risco de excesiva humidade
(Fonte da imaxe: GPC Valencia. 2008)¹⁵

A limpeza coidadosa das zonas expostas á humidade prolongada, así como un correcto secado da pel, constitúen o primeiro paso para manter a integridade cutánea, especialmente no caso de pacientes incontinentes ou con peles fráxiles ou vulnerables **[R = Baixa]**.¹⁶

Tradicionalmente xabón e auga utilizáronse para limpar a pel. Non se pode falar de evidencia sobre cal sería a frecuencia óptima, a técnica de lavado e o tipo de secado máis adecuado para manter a hidratación da pel e a súa función protectora; con todo, a utilización frecuente e reiterada de xabóns convencionais considérase unha técnica demasiado agresiva para peles expostas a humidade e para peles fráxiles **[E]**.³⁵⁻³⁷

A auga durante o lavado produce unha acción mecánica (acción de arrastre) que axuda a eliminar os residuos orgánicos presentes na pel, e unha acción química que facilita a disolución das substancias químicas solubles. Se a auga utilizada no lavado está demasiado quente, podería orixinar, ademais de lesións pola calor, un secado excesivo e innecesario da pel. **[E]**.^{14, 35-37}

